CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte a experiencia lectora en comunidades escolares.		
CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Produce textos con creatividade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia.</li> <li>- Procesos: interacción oral.</li> <li>- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Lectura grupal ou individual de textos literarios e non literarios con entoación e ritmo progresivamente fluídos.</li> <li>- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer.</li> <li>- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais, con textos variados da literatura galega.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</li> <li>- Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.</li> <li>- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.</li> <li>- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra.</li> <li>- Identificación de recursos literarios básicos.</li> <li>- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos</li> </ul>

Contidos
- verbais. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
6	UmMMM que rico!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Produce textos en galego usando as normas gramaticais.	PE	17
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Participa en interaccións orais respectando as linguas.	TI	83
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos discriminatorios da comunicación.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Utiliza as bibliotecas do centro.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte a experiencia lectora en comunidades escolares.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Le textos de diversos autores e autoras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procesos: interacción oral.

## Contidos

- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais, con textos variados da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro.
- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.

UD	Título da UD	Duración
7	Abre o pano!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas.	Se expresa con coherencia e cun vocabulario axeitado.	TI	100
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Adquire eficacia lectora e gusto pola lectura.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Utiliza as bibliotecas do centro.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte a experiencia lectora en comunidades escolares.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar ou social.	Comparte a lectura en comunidades escolares.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos: interacción oral.</li> <li>- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.</li> <li>- Procesos: produción oral</li> <li>- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.</li> <li>- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer.</li> <li>- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais, con textos variados da literatura galega.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e claridade do texto.</li> <li>- Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.</li> <li>- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.</li> <li>- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.</li> <li>- Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Querido diario!	11



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Valora a información dos medios de comunicación.	TI	100
CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e das virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, contextos variados da literatura galega.	Se interesa polas bibliotecas do centro.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Utiliza as bibliotecas do centro.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte a experiencia lectora en comunidades escolares.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Le textos literarios de distintos xéneros.		
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua galega de maneira acompañada, formulando hipótese e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Establece xeneralizacións aobre o funcionamento da lingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos: interacción oral.</li> <li>- Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero.</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, a información relevante e a integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais.</li> <li>- Procesos: produción oral</li> <li>- Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario , así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.</li> <li>- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer.</li> </ul>

## Contidos

- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais, con textos variados da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
9	Grande coma un mundo!	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Acada destrezas co uso da lingua escrita.	PE	17
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos discriminatorios da lingua.	TI	83
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Utiliza as bibliotecas do centro.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte a experiencia lectora en comunidades escolares.		
CA5.8 - Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñece a linguaxe literaria.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Mellora os textos propios usando a terminoloxía axeitada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> <li>- Procesos: produción oral</li> <li>- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).</li> <li>- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.</li> <li>- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer.</li> <li>- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais, con textos variados da literatura galega.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega.</li> <li>- Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.</li> <li>- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.</li> <li>- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.</li> <li>- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego.</li> <li>- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.</li> <li>- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da or</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
10	Como é a túa casa?	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Comprende diversos tipos de textos.	PE	15
CA2.8 - Mobilizar coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos e propondo solucións creativas.	Mobiliza estratexias na xestión de conflitos.	TI	85
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Desenvolve procesos de investigación.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Utiliza as bibliotecas do centro.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte a experiencia lectora en comunidades escolares.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	Valora os textos en lingua galega.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Adquire vocabulario a través de textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais, con textos variados da literatura galega.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.</li> <li>- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.</li> <li>- Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.</li> <li>- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.</li> <li>- Interpretación progresivamente autónoma e compartida das obras literarias en galego a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.</li> <li>- Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.</li> <li>- Estratexias elementais para o uso progresivamente autónomo de dicionarios, en distintos soportes.</li> <li>- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
11	A conxugar!	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Comprende diversos tipos de textos.	PE	17
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.	Comparte os resultados dos procesos de investigación.	TI	83
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Utiliza as bibliotecas do centro.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte a experiencia lectora en comunidades escolares.		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Utiliza as bibliotecas como escenario literario.		
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Coñece textos de tradición oral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.</li> <li>- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer.</li> <li>- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais, con textos variados da literatura galega.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.</li> <li>- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.</li> <li>- Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.</li> <li>- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.</li> <li>- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.</li> <li>- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.</li> <li>- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
12	O país dos mouros!	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Analiza o contido de textos escritos.	TI	100
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Utiliza as bibliotecas do centro.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información de modo eficiente e responsable.	Adopta hábitos críticos no uso das tecnoloxías.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le textos de diversos autotres.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte a experiencia lectora en comunidades escolares.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer.</li> <li>- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais, con textos variados da literatura galega.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.</li> <li>- Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.</li> <li>- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais básicas.</li> <li>- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma acompañada e con apoio de modelos.</li> <li>- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

No tocante ao aspecto metodolóxico a PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán a cabo ao longo do curso.

As diferentes unidades didácticas permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensados para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a pregresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A nosa metodoloxía ten como eixe vertebrador o uso das Tic, xa que é un aula E-Dixgal, onde cada alumno e alumna

dispón dun ordenador con conexión a unha plataforma onde se atopan os libros electrónicos de cada materia.

O traballo cos ordenadores tamén nos permitirá traballar aspectos como: a expresión escrita con actividades centradas na elaboración de diferentes tipos de textos: relatos, noticias, narracións, poemas, descrições..., a expresión escrita creativa e libre, a comprensión lectora a través de narracións, contos, e a comprensión oral con videocontos, entrevistas, programas de radio, presentacións con audio incorporado, videotutoriais...

Asimesmo levaranse a cabo proxectos de investigación tendo sempre en conta os intereses, inquiredanzas e motivacións do alumnado nos que se sigan os pasos dun método científico, buscando información, dando hipóteses, chegando aos resultados e presentando un produto final.

A biblioteca tamén xogará un papel moi importante xa que ofrece oportunidades para realizar experiencias de creación e utilización da información co fin de que adquiran coñecementos, comprendan e desenvolvan a imaxinación. O alumnado familiarizarase coa investigación e búsqueda de información en libros de ciencia e guías didácticas.

Tendo en conta as distintas materias e actividades a realizar, utilizaremos diferentes tipos de agrupamentos como pequenos grupos ou emparellamentos, levándose a cabo, así mesmo, actividades conxuntas entre 5º e 6º (festivais, participación en conmemoracións e festas, información para todo o alumnado ,conferencias, excursións...) e tamén co resto do alumnado do centro.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Plataforma EDIXGAL. Libros dixitais
Programas interactivos co uso das TIC
Ordenador da mestra e ordenadores portátiles do alumnado
Pizarra dixital táctil
Fichas e material elaborado polos mestres
Cadernos de traballo
Arquivador ou carpeta clasificadora
Material persoal do alumnado
Libros de lectura da biblioteca de aula
Xornais, revistas...
Xogos de mesa
Material de plástica
Páxina web do centro, da biblioteca...
Biblioteca do centro, aula de audiovisuais...

Todo o material estará a disposición do alumnado o cal deberá facerse responsable do seu uso e coidado.



## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio do curso, durante o primeiro mes escolar, realizarase unha avaliación inicial do alumnado co fin de identificar posibles dificultades de aprendizaxe e necesidades educativas, determinar os seus coñecementos previos e intereses, así como para valorar a adquisición das competencias clave e a súa evolución ao finalizar o proceso de ensino e aprendizaxe no presente curso escolar.

Esta avaliación consistirá nunha proba escrita para comprobar os coñecementos da materia correspondentes ao curso anterior.

A avaliación inicial incluírá a análise dos informes persoais do ciclo anterior e completaráse coa información obtida das familias e será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

As medidas a adoptar polo equipo docente, en colaboración co equipo de orientación do centro, como consecuencia dos resultados da avaliación inicial serían as que seguen:

- Medidas de apoio e recuperación para o alumnado que a avaliación inicial detecte que o necesitan.
- Medidas encamiñadas a modificar, perfilar e enriquecer o proceso educativo definindo grazas á información obtida nesta avaliación, cuestións relativas ao desenvolvemento do currículo (estratexias de ensino e aprendizaxe na aula, temporalización das propostas didácticas, selección de materiais e recursos, implicación do alumnado no seu proceso de aprendizaxe, etc.).

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	9	9	8	8	9	8	8	8	9	8
<b>Proba escrita</b>	0	0	20	0	30	17	0	0	17	15
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	80	100	70	83	100	100	83	85

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	8	8	100
<b>Proba escrita</b>	17	0	10
<b>Táboa de indicadores</b>	83	100	90

### Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolve as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.

Os procedementos de avaliación empregados serán:

- Observación sistemática.
- Análise das producións do alumnado.
- Autoavaliación.
- Coavaliación.
- Avaliación do traballo en equipo.
- Seguimento e rexistro da avaliación continua efectuada.

Os instrumentos de avaliación empregados serán:

- Probas escritas correspondentes a cada unidade.
- Probas orais (comprensión oral).
- Exercicios autocorrexibles con avaliación automática (plataforma Edixgal).
- Caderno do alumno.
- Actividades de avaliación xeradas durante o curso: resumos, traballos de aplicación e síntese, textos escritos, producións orais, diálogo...
- Rexistro anecdótico persoal.
- Rúbricas.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- Probas e controis escritos e orais: 60 % : -Exercicios prácticos escritos e orais de aplicación dos contidos de cada tema.
- Traballo diario: 40 % : -Exercicios na plataforma Edixgal.
- Caderno de clase: esquemas completados, tarefas acabadas, secuenciación de contidos axeitada, boa caligrafía, boa presentación, corrección das actividades, data.
- Tarefas da casa
- Traballos e actividades variadas, tanto individuais como en distintos agrupamentos: boa presentación, adecuación dos contidos, vocabulario axeitado, entrega no prazo, boa caligrafía, limpeza.

### **Criterios de recuperación:**

Para o alumnado que non supere o grao de consecución mínima dos criterios de avaliación establecerase que quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados ou de non ser o caso propoñeranse actividades ao longo do curso nas distintas unidades didácticas para que o alumnado supere ditos criterios de avaliación.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas de atención á diversidade oscilan nun continuo que abrangue desde a prevención ata a intervención directa específica. Non van ligadas de forma permanente a colectivos de alumnos/as concretos, xa que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade a adopción de distintos tipos de medidas.

Atenderase aos nenos e nenas segundo as súas características individuais respondendo as súas necesidades. Por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para o alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/actividades adicionais para aquel alumnado que remata antes as tarefas da clase.

A variedade de opcións que se ofrecen na plataforma edixgal facilita a atención á diversidade dos alumnos, adaptándose ás súas necesidades e capacidades. As unidades da programación e os recursos seleccionados para cada unha delas ofrecen unha flexibilidade que permite atender a diversidade da aula. Esta adaptación realízase a través de distintas opcións nos seguintes ámbitos:

-Funcionamento personalizado: o profesor pode adaptar as árbores curriculares, introducir cambios en seccións do Caderno de estudo, engadir, modificar ou eliminar recursos, crear actividades novas, editar textos, incluír anotacións, asignar tarefas etc., de forma que se pode realizar unha planificación personalizada para os alumnos que así o requiran.

-Variedade de recursos (explicar, estudar, recordar): a ampla variedade de recursos dispoñibles en cada unidade permite traballar a detección de ideas e formación de conceptos, a memorización, a exploración, a reflexión e o debate, o estudo de casos, a cooperación, as situacións de aprendizaxe, a resolución de problemas, a creación e produción, a análise, as simulacións etc. Ademais, todos eles se presentan mediante distintas linguaxes (textual, visual e audiovisual). Os recursos dispoñibles deben axustarse á realidade do contexto en cada momento.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis seinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Para o alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso, solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular e tomar as medidas necesarias.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - -Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - -Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - -Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - -Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - -Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - -Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - -Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - -Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - -Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - -Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - -Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - -Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - -Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - -Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - -Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X
ET.7 - -Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X
ET.8 - -Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable	X	X	X	X
ET.9 - -Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X

#### Observacións:

Os elementos transversais arriba nomeados traballaranse nas unidades didácticas relacionadas a través das diferentes actividades que desenvolven os contidos.

Ademais algúns deles traballaranse, de xeito especial, a través das diferentes conmemoracións que se realizarán ao longo do curso como o Día Internacional da Muller e da Paz.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Magosto e Samaín	Decoración de aulas e corredores, xogos e merenda con castañas, disfraces...			
Saída ao teatro	Visionado da obra ¿El hombre que plantaba árboles¿			
Saída ao cine	Visionado da película ¿La quimera del oro¿			
Participación no Pleno Infantil do concello da Coruña	Celébrase no marco da Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN)			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día Universal da Infancia	Traballo sobre os dereitos dos nenos e nenas.			
Día contra a violencia de xénero e Día Internacional da Muller	Realización de actividades e visionado de vídeos sobre a violencia de xénero e o papel da muller na sociedade.			
Taller ecoperCUSión	Taller na aula para experimentar distintos ritmos musicais.			
Nadal	Decoración de aulas e corredores, xogos e merenda de nadal...			
Programa de prevención ¿O Imperio da nube e o avatar oculto?	Traballo co alumnado sobre as vantaxes e riscos asociados a internet.			
Día Escolar da non Violencia e a Paz	Decoración de aulas e corredores, actividades nas aulas...			
Entroido	Decoración de aulas e corredores, actividades nas aulas, desfile pola contorna do centro...			
Día de Rosalía de Castro, Día do Libro e Día das Letras Galegas	Realización de actividades relacionadas coa lectura.			

**Observacións:**

Pode haber saídas e actividades que non foron previstas ou que xurdirán máis adiante que puideran ser do noso interese en función dos proxectos que se aborden ao longo do curso.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Grao de consecución dos obxectivos
Adecuación das actividades ao alumnado ás que van dirixidas.
Modificacións necesarias na metodoloxía de traballo co alumnado.
Necesidade de novas estruturas e procesos de ensino e aprendizaxe.
Adecuación e suficiencia dos recursos
Adecuación da atención á diversidade
Valoración dos Proxectos Lector, Tics, Convivencia e Lingüístico
Temporalidade axeitada.
Tipoloxía de avaliación e resultados obtidos desta modalidade de avaliación.
Implicación de todos os participantes
Grao de satisfacción dos implicados

### **Descrición:**

En liñas xerais farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro e para tomar nota dos aspectos a mellorar ou cambiar da programación, que recolleremos por escrito e engadiremos á memoria final.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Tralo remate de cada trimestre revisarase a programación tendo en conta os seguintes aspectos:

1. Seguimento da programación no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás unidades didácticas: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da programación con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Actividades complementarias realizadas ou non.

### **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15004991	CEIP Cidade Vella	A Coruña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	5º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	30



## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A presente programación propón un modelo de ensino-aprendizaxe que ten a intención de preparar a tódolos cidadáns para ter éxito na vida, a través da adquisición e o desenvolvemento das competencias clave. A función principal da ensinanza é facilitar a aprendizaxe dos nenos, axudándolles a construír, adquirir e desenvolver as competencias que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e afrontar os continuos cambios que impoñen en tódolos aspectos da vida, os rápidos avances científicos e a nova economía global.

